

Programa de avaliación da actividade docente do profesorado

Manual de avaliación

Redacción

Validación

Aprobación

Área de Calidade

Data e sinatura

Data e sinatura

Data e sinatura

Histórico de evolucións

Índice	Data	Redacción	Motivo das principais modificacións
00	28/11/2007	Comisión de Ordenación Académica e Profesorado	Aprobación inicial
01	20/05/2008	Comisión de Ordenación Académica e Profesorado	Modificación
02	24/06/2015	Área de Apoio á Docencia e Calidade	Novo deseño do manual
03	17/07/2015	Consello de Goberno da Universidade de Vigo	Aprobación do novo deseño do manual
04	25/11/2015	Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado	Modificación despois do informe de avaliación do deseño (ACSUG, ANECA)
05	01/05/2018	Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado	Modificación despois da implantación da segunda convocatoria quinquenal
06	07/05/2018	Comisión Académica de Calidade	Aprobación do novo deseño do manual
07	25/10/2018	Comisión Académica de Calidade	Modificación despois do informe de avaliación do deseño (ACSUG, ANECA)
08	21/12/2020	Consello de Goberno da Universidade de Vigo	Aprobación do novo deseño do manual
09	30/10/2023	Consello de Goberno da Universidade de Vigo	Modificación despois do informe de avaliación do deseño (ACSUG, ANECA)
10	03/04/2024	Consello de Goberno da Universidade de Vigo	Modificación puntual do apartado 2.3 Ámbito de aplicación

Índice

1	Introdución.....	4
2	Obxectivos e consecuencias da avaliación docente	5
2.1	Finalidade da avaliación docente	5
2.2	Consecuencias da avaliación docente	5
2.3	Ámbito de aplicación.....	6
3	Órganos e axentes implicados	7
3.1	Comisión de Calidade.....	7
3.2	Comisións de avaliación da actividade docente (CAD).....	7
3.3	Órgano de goberno con competencias en materia de calidade	8
3.4	Área de Calidade	9
3.5	Responsables académicos/as	9
3.6	Profesorado.....	10
4	Metodoloxía da avaliación docente	11
4.1	Dimensións para a avaliación docente	11
4.2	Criterios de avaliación	13
4.3	Cualificacións da avaliación.....	15
5	Desenvolvemento da avaliación.....	16
5.1	Convocatoria e solicitudes de avaliación.....	17
5.2	Recollida de información da avaliación.....	17
5.3	Avaliación da información por parte das CAD	18
5.4	Resultados da avaliación	19
5.5	Procedemento do profesorado para presentar reclamacións.....	19
5.6	Difusión dos resultados	19
6	Toma de decisións derivadas da avaliación da actividade docente	20
6.1	Seguimento das accións derivadas da avaliación docente.....	20
6.2	Revisión e mellora do proceso de avaliación.....	20
7	Anexos	21
7.1	Solicitud de participación do profesorado na avaliación quinquenal.....	21
7.2	Autoinforme do profesorado de material docente	22
7.3	Solicitud de datos aos/ás responsables académicos por curso académico	29
7.4	Informe dos/as responsables académicos	34
7.5	Táboa coas dimensións da actividade docente e as súas puntuacións.....	36
7.6	Protocolo de avaliación pola CAD	40
7.7	Modelo de informe de avaliación do profesor/a.....	43
7.8	Modelo de informe para as accións de mellora da actividade docente do profesorado...	45
7.9	Solicitud de revisión da avaliación realizada pola CAD.....	46
7.10	Código ético do persoal avaliador	47
7.11	Cuestionario de enquisa de avaliación docente.....	48

1 Introducción

A creación do espazo europeo de educación superior apostou decididamente por mellorar a calidade da educación superior europea, os seus programas e os seus títulos. Neste contexto, as universidades teñen a responsabilidade de ofrecer un ensino de calidade.

Un indicador de que as institucións de educación superior contan coas bases necesarias para cumprir con este compromiso coa sociedade é a cualificación e a competencia do seu profesorado.

O programa de avaliación da actividade docente (Docentia) pretende satisfacer as demandas das universidades e a necesidade do sistema educativo de dispoñer dun modelo e duns procedementos para garantir a calidade do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

Para iso, o programa Docentia toma como referencia o documento «Criterios e directrices para o aseguramento de calidade no espazo europeo de educación superior (ESG)» que indica no criterio «1.5 Persoal docente» que «As institucións deben asegurar a competencia do seu profesorado. Así mesmo deben utilizar procesos xustos e transparentes para a contratación e o desenvolvemento do seu persoal».

E, por outra parte, a Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que no seu artigo 31 establece que «a promoción e garantía da calidade das universidades españolas, no ámbito nacional e internacional, é un fin esencial da política universitaria e ten como un dos seus obxectivos o avance da actividade docente». Este obxectivo cumprírase mediante «...o establecemento de criterios comúns de garantía de calidade que faciliten a avaliación, a certificación e a acreditación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario».

A partir destas consideracións, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), en colaboración coas axencias autonómicas, desenvolveu o programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario (Docentia), co obxecto de que as universidades dispoñan dun modelo e duns procedementos para garantir a calidade do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

Neste contexto, a Universidade de Vigo desenvolveu no curso académico 2003/2004 o procedemento de valoración da actividade docente do profesorado (VAD), co obxectivo de responder a un dos obxectivos principais da súa política institucional, a creación, o desenvolvemento e a transmisión do saber mediante unha docencia de calidade e excelencia, tal e como se reflicte no artigo 2.1 dos seus estatutos.

Posteriormente, este procedemento modificouse para adaptalo ao programa de avaliación do profesorado Docentia da ANECA e no curso académico 2009/2010 publicouse a I Convocatoria de avaliación no marco do programa Docentia na Universidade de Vigo.

No curso 2014/2015 incorporáronse modificacións ao manual e publicouse a II Convocatoria do programa Docentia.

Finalmente, no curso 2019/2020 modificouse o manual co fin de avanzar cara á súa racionalización e á mellora da satisfacción dos axentes implicados.

2 Obxectivos e consecuencias da avaliación docente

2.1 Finalidade da avaliación docente

O principal obxectivo do programa de avaliación da actividade docente do profesorado da Universidade de Vigo é contribuír a mellorar a calidade da docencia e os resultados de aprendizaxe acadados polo alumnado. Ao redor deste obxectivo fundamental establécense os seguintes obxectivos:

- Dispor dun procedemento de avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado incluído nos sistemas de garantía de calidade das titulacións oficiais.
- Favorecer o desenvolvemento do profesorado e a súa promoción persoal e profesional proporcionándolle evidencias obxectivas sobre a súa actividade docente.
- Favorecer o proceso de toma de decisións fundamentadas asociadas aos/ás responsables académicos/as.
- Mellorar a información á sociedade sobre as características da oferta universitaria e o labor docente en centros e titulacións da Universidade de Vigo.

2.2 Consecuencias da avaliación docente

O obxecto da avaliación da actividade docente é o establecemento de consecuencias que xorden dos resultados. Estas consecuencias poden ser para o profesorado, centros ou a Universidade de Vigo. A continuación recóllense as principais consecuencias:

- Axudar o profesorado na reflexión e na introdución de cambios na planificación e desenvolvemento da súa actividade docente, identificando as boas prácticas que se poden aplicar para mellorar a calidade da súa docencia.
- Facilitar datos sobre o desempeño do seu labor docente para procesos de:
 - Acreditación
 - Convocatorias para obter complementos autonómicos
 - Concesión de axudas en convocatorias de innovación docente da Universidade de Vigo
- Recoñecer a actividade docente excelente do profesorado mediante un certificado
- Valorar a actividade docente avaliada positivamente como mérito para:
 - Os concursos de méritos para a provisión de prazas de figura estable de profesorado
 - Obter a condición de profesorado emérito
 - Obter a concesión de períodos sabáticos
 - Participar como avaliador/a no programa Docentia
- Obter unha valoración positiva na avaliación da actividade docente (quinquenios)
- Establecer indicadores relativos ao financiamento variable de centros e departamentos en función dos resultados de docentes avaliados

- Diseñar plans de mellora individualizados, adecuados ás necesidades detectadas e en función da dimensión na que se detecten as carencias, de tal forma que o seu seguimento lles permita mellorar.
- Proponer accións formativas incluídas no plan de formación permanente do profesorado, a partir dos informes institucionais co fin de mellorar debilidades atopadas.

2.3 **Ámbito de aplicación**

A avaliación da actividade docente consiste na valoración sistemática da docencia de cinco cursos académicos mediante a análise das evidencias documentais achegadas polo profesorado, os/as responsables académicos/as e a Universidade de Vigo.

Poderá avaliarse todo o profesorado que imparta docencia nalgún grao ou mestrado dos centros propios da Universidade de Vigo, de acordo co Plan de ordenación docente (POD) e que cumpra os seguintes requisitos:

- Impartir polo menos 150 horas no conxunto dos cinco cursos avaliados e un mínimo de 30 horas en tres dos cinco cursos avaliados.
- Non ter períodos superiores a dezoito meses nos que non impartiu docencia na Universidade de Vigo: períodos sabáticos, incapacidades temporais etc.
- Ter resultados nas enquisas de avaliación docente en tres dos cinco cursos avaliados.

No caso de docentes que teñan un resultado positivo na avaliación, non se poderán presentar ata que transcorran cinco anos, a partir da data do último informe definitivo de avaliación. En todo caso, o/a docente que así o considere, poderá presentarse a unha nova convocatoria sen que transcorran estes cinco anos, sempre e cando os cursos académicos que se avalíen na nova convocatoria non se teñan avaliado nas convocatorias precedentes nas que se teña presentado.

No caso de docentes que teñan unha avaliación en convocatorias anteriores cun resultado negativo, non se poderán presentar a unha nova convocatoria ata que transcorran dous anos a partir da data do último informe definitivo de avaliación.

Co fin de garantir a sustentabilidade do programa de avaliación e a súa adecuación aos medios e recursos dispoñibles, poderán establecerse requisitos adicionais nas convocatorias de avaliación docente do programa.

3 Órganos e axentes implicados

No desenvolvemento do procedemento da avaliación docente requírese a participación de determinados órganos e axentes, cuxa composición e funcións detállanse deseguido.

3.1 Comisión de Calidade

A composición e as funcións da Comisión de Calidade establécense nos estatutos da Universidade de Vigo. A Comisión de Calidade no desenvolvemento do programa Docentia asume as seguintes funcións:

- Determinar os criterios da convocatoria para a selección dos membros propios das comisións de avaliación da actividade docente.
- Propoñer as consecuencias que xurdan dos resultados da avaliación tanto ao profesorado coma aos/ás responsables académicos/as e á Universidade de Vigo.
- Realizar o seguimento das accións de mellora propostas que xurdan dos resultados de avaliación.
- Propoñer as modificacións do manual de avaliación da actividade docente do profesorado a partir das suxestións achegadas.

3.2 Comisións de avaliación da actividade docente (CAD)

As comisións de avaliación da actividade docente serán as encargadas de realizar as avaliacións da actividade docente do profesorado solicitante. A súa organización e funcionamento rexeráse polo establecido neste manual e polo seu regulamento interno. As súas funcións e responsabilidades son as seguintes:

- Aceptar e asinar o código ético de conduta que servirá de guía en todo momento durante o proceso de avaliación, cuxo formato está recollido no anexo 7.10.
- Avaliar con honestidade, imparcialidade e profesionalidade o conxunto de actividades que realiza o profesorado avaliado tal como se reflicte no código ético.
- Participar obrigatoriamente polo menos unha vez, na formación relacionada co procedemento da avaliación docente, que se realizará conxuntamente con todas as comisións para homoxeneizar os procedementos e os criterios de avaliación.
- Elaborar e asinar a documentación asociada ao desenvolvemento do procedemento: actas de constitución e de resultados de avaliación.
- Realizar un informe sobre a actividade docente de cada docente avaliado xustificando as súas valoracións segundo o formato recollido no anexo 7.7 deste manual.
- Resolver as reclamacións sobre os resultados de avaliación provisionais.
- Propoñer melloras, se procede, no procedemento de avaliación da actividade docente.

3.2.1 Composición das comisións de avaliación da actividade docente

No desenvolvemento do procedemento designaranse polo menos catro comisións: unha por cada rama de coñecemento. A composición habitual das comisións será a seguinte:

- Presidente/a: docente da rama de coñecemento específica
- Cinco vogais:
 - Dous/Dúas docentes da Universidade de Vigo
 - Dous/Dúas docentes que non forman parte do sistema universitario galego
 - Un/Unha estudante da Universidade de Vigo
- Un/Unha representante sindical: que participará con voz pero sen voto.

A comisión elixirá ao/á secretario/a de entre os/as vogais.

A composición das comisións poderá variar en función do número de solicitudes de avaliación presentadas por rama e da dispoñibilidade das persoas avaliadoras.

O Órgano de goberno con competencias en materia de calidade seleccionará ao profesorado e ao alumnado que formen parte da Universidade de Vigo segundo os criterios determinados pola Comisión de Calidade e a ACSUG designará o profesorado que non forme parte do sistema universitario galego. O Consello de Goberno nomeará os membros das comisións, por un período máximo de tres convocatorias de avaliación.

A creación das comisións de avaliación da actividade docente queda formalmente establecida mediante a sinatura da acta de constitución da comisión.

3.2.2 Selección dos membros das CAD: criterios, procedemento e fases

O procedemento de selección dos membros das CAD realizarase de acordo coas seguintes fases:

- Publicación da convocatoria para participar como persoal avaliador no programa Docentia da Universidade de Vigo. Nela indicaranse o número e o tipo das vacantes, así como os requisitos e os criterios de selección.
- A Comisión de Calidade determinará os criterios da convocatoria para a selección dos membros propios da comisión, na correspondente convocatoria. Estes criterios basearanse fundamentalmente na formación e na experiencia nos procesos de avaliación docente, e nos resultados de avaliación en convocatorias anteriores.
- A ACSUG seleccionará os membros das comisións alleos ao sistema universitario galego nas ramas indicadas pola Universidade de Vigo.
- O Consello de Goberno nomeará os membros das comisións da avaliación por un período máximo de tres convocatorias de avaliación.

3.3 Órgano de goberno con competencias en materia de calidade

No desenvolvemento do programa Docentia, o órgano de goberno que teña as competencias en materia de calidade encargarse das seguintes actividades:

- Realizar e publicar as convocatorias de avaliación docente e de persoal avaliador.

- Seleccionar o profesorado participante no proceso seguindo os criterios de selección da convocatoria.
- Resolver as reclamacións relacionadas co proceso de solicitude de participación nas convocatorias de avaliación.
- Seleccionar os membros das comisións de avaliación docente (CAD) que formen parte da Universidade de Vigo para os seus nomeamentos.
- Publicar os resultados da avaliación docente provisionais e finais
- Elaborar, revisar e actualizar o manual para avaliar a actividade docente do profesorado para a súa presentación e aprobación na Comisión de Calidade.
- Proponer melloras, se procede, no procedemento de avaliación da actividade docente.

3.4 Área de Calidade

A Área de Calidade encargarse das actuacións operativas no desenvolvemento do programa de avaliación da actividade docente e terá as seguintes funcións:

- Recompilar as evidencias, datos e indicadores para realizar os informes institucionais.
- Achegarlles ás CAD a documentación necesaria para o desenvolvemento da avaliación.
- Asignarlles os expedientes aos membros das comisións.
- Resolver as dúbidas que se poidan presentar durante o proceso de avaliación e facilitar a coordinación entre as distintas comisións de avaliación docente.
- Realizar os informes de resultados da avaliación individuais para os/as responsables académicos e para a comisión de calidade e o informe de seguimento.
- Recibir as reclamacións e remitírllelas aos órganos encargados do seu tratamento e comunicarlle ao profesorado as resolucións das reclamacións.

3.5 Responsables académicos/as

Os equipos de dirección dos centros terán as seguintes funcións:

- Elaborar o informe de responsables académicos/as segundo o modelo do anexo 7.4. sobre a actividade docente do profesorado avaliado.
- Facilitar a información e os datos necesarios para realizar os informes institucionais segundo o modelo do anexo 7.3.
- Executar as propostas de mellora, que sexan da súa competencia, designadas pola Comisión de Calidade.
- Proponer melloras, se procede, no procedemento de avaliación da actividade docente.

3.6 Profesorado

O profesorado da Universidade de Vigo realizará as seguintes tarefas:

- Solicitar a avaliación da súa actividade docente nos termos recollidos neste manual.
- Achegar a información e a documentación dos méritos docentes para realizar informes institucionais.
- Seleccionar e facilitar unha guía docente, ademais do material docente asociado a ela, dunha materia impartida no período avaliado para que sexa analizada.
- Elaborar individualmente un autoinforme do profesorado, utilizando o anexo 7.2.
- Facilitar a información ou as probas adicionais requiridas no proceso de avaliación.
- Emprender as accións de mellora recomendadas que xurdan dos resultados da avaliación.
- Propoñer melloras, se procede, no procedemento de avaliación da actividade docente.

4 Metodoloxía da avaliación docente

4.1 Dimensións para a avaliación docente

O modelo de avaliación definido considera cinco dimensións para analizar e valorar a actividade docente: a planificación da docencia, o desenvolvemento do ensino, os resultados, a innovación e mellora, e outros méritos. Considéranse as tres primeiras dimensións como fundamentais e a cuarta e a quinta relacionadas cos méritos docentes, como complementarias á actividade docente desenvolvida.

Establécese unha puntuación máxima de 100 puntos para as tres dimensións fundamentais, que será utilizada como escala de referencia e unha puntuación de 10 puntos por cada dimensión adicional, tal e como se pode observar na seguinte táboa.

Dimensións	Puntuación	Puntuación acumulada
I Planificación da docencia	30 puntos	100 puntos
II Desenvolvemento do ensino	35 puntos	
III Resultados	35 puntos	

Dimensións	Puntuación	Puntuación acumulada
IV Innovación e mellora	10 puntos	20 puntos
V Outros méritos	10 puntos	

Táboa 1. Dimensións e puntuacións

Cada unha destas dimensións está formada por un conxunto de subdimensións e estas, á súa vez, por elementos, que teñen asociados unha valoración, tal e como se establece na táboa coas puntuacións do anexo 7.5 deste manual.

DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS
I. Planificación da docencia	1.1 Contexto	1.1.1 Carga docente
	1.2 Planificación do ensino	1.2.1 Guía docente
		1.2.2 Elaboración da guía docente
	1.3. Satisfacción da planificación nas enquisas de avaliación docentes	1.3.1. Guía docente
		1.3.2. Coordinación na materia e volume de traballo
		1.3.3. Organización do ensino
		1.3.4. Recursos didácticos

II. Desenvolvemento do ensino	2.1 Desenvolvemento das actividades docentes	2.1.1. Actividade docente (clases, seminarios...)
		2.1.2. Planificación e cumprimento de actividades de apoio (titorías, foros, chats)
		2.1.3. Realización e revisión de probas de avaliación
		2.1.4. Entrega de actas
	2.2 Satisfacción do desenvolvemento nas enquisas de avaliación docente	2.2.1. Cumprimento do establecido na guía docente
		2.2.2. Orientación e resolución de dúbidas
III. Resultados	3.1 Informe de taxas	3.1.1 Taxa de éxito
		3.1.2 Taxa de rendemento
	3.2 Satisfacción dos resultados nas enquisas de avaliación docentes	3.2.1 Criterios de avaliación
		3.2.2 Satisfacción co labor docente
IV. Innovación e mellora	4.1. Formación	4.1.1 Cursos de formación docente
		4.1.2 Participación en congresos e xornadas orientados á formación docente
		4.1.3 Estadías docentes ou programas de mobilidade do PDI
	4.2. Innovación	4.2.1 Grupos ou proxectos de innovación
		4.2.2 Publicacións de innovación docente
V. Outros méritos	5.1 Outros méritos docentes	5.1.1 Titorización do alumnado (teses, TFM, TFG, prácticas externas, PAT, mobilidade)
		5.1.2 Participación en tribunais (teses, TFM e TFG)
		5.1.3 Actividades de apoio á docencia (cursos cero, promoción de estudos, atención á diversidade, igualdade)
		5.1.4 Outras coordinacións (materia, curso, módulo, titulación, prácticas externas, PAT, mobilidade, calidade)
		5.1.5 Elaboración de recursos didácticos propios baixo a propiedade da UVigo

Táboa 2. Dimensións, subdimensións e elementos considerados na avaliación

A dimensión «Planificación da docencia» refírese ás actividades de organización e ás actividades desenvolvidas polo/a docente previas ao proceso de ensino-aprendizaxe. Nela englobanse cuestións relacionadas coa organización do ensino e a coordinación docentes, ademais da planificación da materia.

O «Desenvolvemento do ensino» é unha dimensión que comprende os elementos relativos ao desenvolvemento das actividades de ensino e os procedementos de avaliación da aprendizaxe aplicados. A dimensión «Resultados» abrangue a información dos resultados obxectivos acadados polo alumnado.

A dimensión «Innovación e mellora» refírese ás actividades de revisión e mellora da actividade docente como a formación para a mellora da docencia e actividades de innovación docente.

A dimensión «Outros méritos» refírese a actividades que complementan a actividade docente do profesorado.

Nos anexos 7.5 e 7.6 atópanse explicados con maior detalle as fontes de información utilizadas para calcular cada elemento, así como a forma de cálculo.

4.2 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación da actividade docente, que están aliñados coas dimensións anteriores, son os seguintes:

- **Adecuación:** a actividade docente debe responder aos requisitos establecidos pola universidade e o centro con relación á organización, á planificación, ao desenvolvemento do ensino e á avaliación da aprendizaxe do estudantado. En concreto, este criterio utilízase para valorar se o contido das guías docentes, no desenvolvemento das actividades docentes e de apoio, e os criterios de avaliación utilizados compren con establecido nos plans de estudo das titulacións, e se están aliñados tamén cos obxectivos estratéxicos da Universidade de Vigo.
- **Satisfacción:** a avaliación da actividade docente debe satisfacer as necesidades e expectativas dos axentes implicados, en especial do estudantado. Este criterio, valora os resultados obtidos nas enquisas de avaliación docente, os informes dos/as responsables académicos/as e o autoinforme do profesorado avaliado.
- **Eficiencia:** a actividade docente, considerando os recursos que se poñen ao dispor do profesorado, debe propiciar o desenvolvemento no alumnado das competencias recollidas no plan de estudos polo estudantado. O criterio de eficiencia, valórase na dimensión de resultados, especialmente nos indicadores relacionados coas taxas académicas, onde se valora a proporción de estudantado que adquiriu os resultados de aprendizaxe previstos nos plans de estudo.
- **Profesionalización:** A avaliación debe contribuír á mellora do desempeño do docente, de xeito que o progreso na carreira docente sexa a reflexión dun cambio efectivo na calidade do devandito desempeño. Este criterio valorase mediante a reflexión que fai o profesorado no autoinforme, así como nos informes de resultados e nos planes de mellora personalizados.
- **Orientación á innovación docente:** a actividade docente debe tratarse desde unha reflexión sobre a propia práctica que favoreza a aprendizaxe do profesorado, a través da autoformación ou a formación regulada por outras instancias. Esta debe desenvolverse desde unha

predisposición a introducir cambios que afectan ao modo en que se planifica e se desenvolve o ensino ou en que se avalían os seus resultados. Este criterio é utilizado fundamentalmente nas súas dimensións de innovación e mellora e outros méritos, onde se valora a actuación levadas a cabo polo profesorado para a mellora da súa actividade docente.

- **Orientación á mellora continua:** O modelo de avaliación incorpora mecanismos que permiten a actualización e mellora continua do propio modelo e dos seus procedementos mediante os informes de seguimento e os plans de mellora que se realizan finalizados os procesos de avaliación.

A valoración das dimensións fundamentais queda deste xeito:

Dimensións	Autoinforme	Evidencias e indicadores	Alumnado	Responsables académicos	Total
Planificación da docencia	10		10	10	30 puntos
Desenvolvemento do ensino	10		10	15	35 puntos
Resultados	10	15	10		35 puntos
Total	30 puntos	15 puntos	30 puntos	25 puntos	100 puntos

Táboa 3. Dimensión, fontes e pesos da avaliación docente

A valoración das dimensións complementarias queda deste xeito:

Dimensións	Autoinforme	Evidencias e indicadores	Alumnado	Responsables académicos	Total
Innovación e mellora		10			10 puntos
Outros méritos		10			10 puntos
Total	0 puntos	20 puntos	0 puntos	0 puntos	20 puntos

Táboa 4. Dimensión, fontes e pesos da avaliación docente das dimensións complementarias

4.3 Cualificacións da avaliación

Cada un dos elementos puntuarase acadar unha valoración global segundo o establecido no anexo 7.5 e no protocolo de avaliación que se atopa no anexo 7.6.

Establécense catro categorías de cualificación:

- **Desfavorable:** terá unha valoración de desfavorable o profesorado que non desempeñe adecuadamente a súa actividade docente e necesite mellorar nalgún aspecto avaliado. A CAD avaliará cun desempeño desfavorable o profesorado que obtén:
 - Menos do 50 % da puntuación total na suma das dimensións 1, 2 e 3.
 - Menos dun 40% da puntuación nalgunha das dimensións 1, 2 ou 3.
- **Favorable:** terá unha valoración de favorable o profesorado que desempeña a súa actividade docente aceptablemente, pero pode mellorar nalgún aspecto avaliado. A CAD avaliará cun desempeño favorable o profesorado que obtén:
 - Entre o 50% e o 64% da puntuación total na suma das dimensións 1, 2 e 3.
 - Polo menos un 40% da puntuación en cada unha das dimensións 1, 2 e 3.
- **Notable:** terá unha valoración de notable o profesorado que destaca no desenvolvemento da súa actividade docente. A CAD avaliará cun desempeño notable o profesorado que obtén:
 - Entre o 65% e o 84% da puntuación total na suma das dimensións 1, 2 e 3.
 - Entre o 60% e o 79% da puntuación total na suma das dimensións 1, 2 e 3 e polo menos o 25% da puntuación total na suma das puntuacións das dimensións 4 e 5.
- **Excelente:** terá unha valoración de excelente o profesorado considerado como referente para a universidade no desempeño da súa actividade docente. A CAD avaliará cun desempeño excelente o profesorado que obtén:
 - Polo menos o 85% da puntuación total na suma das dimensións 1, 2 e 3.
 - Polo menos o 80% da puntuación total na suma das dimensións 1, 2 e 3 e polo menos o 25% da puntuación total na suma das puntuacións das dimensións 4 e 5.

5 Desenvolvemento da avaliación

No fluxograma seguinte expónse un resumo do proceso desenvolvido na Universidade de Vigo para avaliar a actividade docente do profesorado.




Diagrama 2. Fluxograma das actividades e participantes da avaliación docente

O desenvolvemento da avaliación consta das seguintes fases:

5.1 Convocatoria e solicitudes de avaliación

O órgano de goberno con competencias en materia de calidade encargarase de realizar e publicar a convocatoria para avaliar a actividade docente do profesorado da Universidade de Vigo.

Na convocatoria constará o prazo de presentación das solicitudes, os requisitos para poder participar nela, a documentación que se debe presentar, o período de avaliación e os criterios de selección, así como o procedemento de reclamacións na resolución provisional co profesorado seleccionado.

O profesorado presentará as solicitudes segundo o modelo establecido no anexo 7.1 e de acordo co establecido na convocatoria, e o órgano de goberno con competencias en materia de calidade aplicará os criterios de selección da convocatoria e comunicará as solicitudes admitidas e excluídas e resolverá as reclamacións presentadas á resolución provisional.

5.2 Recollida de información da avaliación

O seguinte paso é recoller a información obxecto de avaliación. Para realizar a avaliación é necesaria toda a documentación. No caso de que non estea completa, excluírase do proceso de avaliación. A documentación necesaria para a avaliación é a seguinte:

- **Informes institucionais dos cinco cursos académicos que se van avaliar:** os informes institucionais son realizados pola Área de Calidade e consisten na recompilación das evidencias e indicadores da actividade docente do período que se avalía.

Co fin de axilizar o procedemento de avaliación, os informes institucionais poderanse realizar anualmente para todo o profesorado da Universidade de Vigo. Ao rematar o proceso de recompilación de información publicarase esta de xeito individual e seguidamente habilitarase un prazo de vinte días naturais desde a publicación co fin de emendar ou completar a información que neles se presenta.

As fontes de información destes informes son bases de datos institucionais, enquisas de avaliación docente e información que achegarán os/as responsables académicos e o profesorado segundo o anexo 7.5.

- **O autoinforme do profesorado** é un documento realizado polo profesorado no que se realiza unha reflexión persoal da súa actividade docente xunto cunha valoración cualitativa do período que se avalía.

Deberase reflexionar de forma breve a actividade docente do profesorado, entendendo esta como o conxunto de actuacións realizadas dentro e fóra da aula, destinadas a favorecer a aprendizaxe do estudiantado, xunto coa explicación máis detallada da impartición da docencia realizada nunha materia, que será elixida polo profesorado.

Deberá usarse o modelo do anexo 7.2. Neste modelo indícanse os aspectos máis importantes que deben ser tratados na reflexión organizados por dimensións.

Na explicación da impartición da materia é conveniente apoiarse no material docente utilizado que poderá presentar mediante unha ligazón a unha plataforma de teledocencia ou en formato electrónico.

O autoinforme consiste na reflexión do profesorado do seu propio desempeño docente no período obxecto de avaliación e, polo tanto, debe ser un documento de autoría individual.

- **Informe de responsables académicos** (anexo 7.4) son documentos realizados polos/as responsables do centro do profesorado avaliado. Nestes realízase unha valoración xustificada da súa actividade docente.

Para realizalos basearanse na información que achegan para realizar os informes institucionais de cada curso académico do período de avaliación.

O profesorado terá un único informe de responsables académicos/as que virá asinado polo/a responsable académico do centro no que o profesorado apareza adscrito no momento da solicitude de participación na convocatoria de avaliación.

5.2.1 Causas de exclusión da avaliación

Excluírase ao profesorado participante do programa se ao rematar o período de recollida de información non aportou a seguinte documentación, ou esta non conteña a información necesaria para ser avaliado:

- Autoinforme do profesorado
- Informe de responsables académicos/as
- Non ter resultados das enquisas de avaliación docente de polo menos 3 cursos académicos

O autoinforme que conteña coincidencias destacables con outros autoinformes, a criterio da comisión, poderá ser non avaliado ao non cumprir o requisito de autoría propia, e polo tanto podería ser excluído do proceso de avaliación por non ter a documentación para ser avaliado.

5.3 Avaliación da información por parte das CAD

Tras finalizar a fase de recollida de información, a Área de Calidade transmitiralles a información ás CAD para avaliar.

Esta fase comeza coa asignación de expediente entre os membros da CAD. Esta distribución realizarase evitando que existan coincidencias de departamento e de centro entre o persoal avaliador e avaliado.

Realizarase unha avaliación por pares, polo que cada expediente se lles asignará a dous membros das CAD. O seguinte paso é a posta en común das dúas avaliacións para realizar os informes de avaliación do profesorado, que conterán ademais das valoracións, información de puntos débiles e boas practicas, así como recomendacións para mellorar a actividade docente.

As comisións disporán dun regulamento interno que determinará o seu funcionamento e as garantías respecto á resolución de posibles conflitos de intereses.

Para homoxeneizar as avaliación, as CAD disporán de ferramentas de avaliación como rúbricas de avaliación e protocolos de avaliación (anexo 7.6.)

5.4 Resultados da avaliación

O resultado do proceso de avaliación da actividade docente é a realización do informe de avaliación docente cunha valoración cuantitativa e cualitativa total e por dimensións, tal e como se describiu na apartado «4.3 Cualificacións de avaliación» xustificando os motivos da valoración.

O informe conterá as recomendacións para a mellora propostas para o profesorado, así como as boas prácticas detectadas no desempeño da súa actividade docente.

As recomendacións poderán consistir en actividades de formación e innovación, potenciación da programación, actualización, cumprimento de obxectivos concretos etc.

O informe sobre a avaliación da actividade docente considerárase finalizado no momento en que o asinen o presidente/a e o secretario/a da comisión.

As comisións enviaránlle os informes de avaliación docente provisionais á Área de Calidade, que os publicará. Cada docente terá acceso personalizado ao seu informe de resultados provisionais.

5.5 Procedemento do profesorado para presentar reclamacións

O profesorado avaliado poderá presentar unha reclamación no caso de que non estivese de acordo con algunha valoración realizada no informe sobre a avaliación da actividade docente provisional, dentro do prazo establecido e seguindo o anexo 7.9.

Tras finalizar o prazo de reclamacións, a Área de Calidade remitiralles as reclamacións ás CADs correspondentes. Estas revisarán o informe e resolverán segundo os criterios establecidos, e darán como resultado os informes de avaliación da actividade docente definitivos.

O profesorado que non estea conforme coa resolución poderá interpoñer un recurso de alzada perante o reitor/a no prazo dun mes de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para a resolución definitiva solicitarase un informe preceptivo e non vinculante elaborado de forma consensuada polos presidentes/as de cada unha das comisións de avaliación.

5.6 Difusión dos resultados

Os informes definitivos sobre a avaliación docente de cada docente avaliado/a son publicados pola Área de Calidade, de xeito que o profesorado teña acceso unicamente ao seu informe individual, cos resultados e comentarios necesarios para a valoración e mellora da súa actividade docente, segundo o modelo do anexo 7.7. Estes informes poder ser certificados, a petición do profesorado, para ser utilizado como evidencia en procesos de avaliación.

A Área de Calidade elaborará un informe cos resultados de avaliación para os/as responsables académicos/as. Este informe conterá os resultados e comentarios do profesorado que participou na avaliación.

Asemade, a Área de Calidade elaborará e publicará ao finalizar cada convocatoria de avaliación un informe institucional de resultados que conterá os resultados agregados de avaliación, unha descrición do proceso seguido, así coma as consecuencias derivadas dos resultados da convocatoria anterior.

6 Toma de decisións derivadas da avaliación da actividade docente

Á vista dos resultados obtidos, a Comisión de Calidade definirá as consecuencias xurdidas dos resultados da avaliación e definirá os/as responsables das súas execucións.

A Comisión de Calidade poderá facer recomendacións aos/ás responsables académicos/as para favorecer o deseño e o desenvolvemento de plans de formación permanente do profesorado, considerando os resultados das avaliacións do profesorado dunha mesma área de coñecemento, departamento, centro ou outra unidade.

6.1 Seguimento das accións derivadas da avaliación docente

A Comisión de Calidade será a responsable do seguimento xeral do cumprimento de todos os plans de mellora da actividade docente do profesorado da Universidade de Vigo. Para facilitar o seguimento do cumprimento e a eficacia nas seguintes avaliacións, os plans recolleranse nun formulario cos campos de información que se mostran no anexo 7.8.

Unha vez finalizados os prazos, cada responsable de seguimento achegará os datos que permitan analizar o cumprimento dos obxectivos previstos e a eficacia de cada acción. Para iso, enviaralle á Comisión de Calidade o plan de accións abertas co seguimento realizado.

Sobre a base deste seguimento os distintos axentes implicados valorarán a mellora docente conseguida en cada caso, que se traducirá na mellora da valoración cuantitativa de elementos/indicadores do modelo.

Pola súa parte, a Comisión de Calidade realizará unha valoración da eficacia de cada acción e decidirá sobre a súa repetición, extensión a situacións similares ou ampliación de prazos ou de colectivos destinatarios.

6.2 Revisión e mellora do proceso de avaliación

Ao finalizar o proceso de avaliación da actividade docente, abrirase un período de revisión e mellora do proceso que consiste na revisión sistemática do proceso apoiada en evidencias e orientada a mellorar a avaliación. Poderán participar todos os axentes participantes do proceso como o profesorado, os membros das comisións, os/as responsables académicos/as e os órganos participantes.

Adicionalmente, realizaráselle unha enquisa de satisfacción ao profesorado avaliado, ás direccións de centro, aos/ás representantes do alumnado nos centros e aos membros das CAD.

A Área de Calidade realizará un informe de seguimento ao rematar a convocatoria que incluírá as incidencias, suxestións e reclamacións achegadas, os resultados das enquisas de satisfacción, os resultados da avaliación e un resumo do desenvolvemento do procedemento da avaliación.

A Comisión de Calidade analizará este informe con obxecto de revisar tanto o proceso de avaliación coma o seu manual.

A Comisión de Calidade poderá modificar o proceso de avaliación e/ou o manual cando as circunstancias así o requirisen ou aconsellasen.

7 Anexos

7.1 Solicitud de participación do profesorado na avaliación quinquenal

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DOCENTIA

Área de Calidade

Edificio Ernestina Otero, 3.º andar

As Lagoas, Marcosende

Vigo

Datos do/a solicitante

DNI:

Nome:

Apelidos:

Enderezo electrónico:

Departamento:

Área:

Centro:

Categoría profesional:

SOLICITO

A avaliación da miña actividade docente, de acordo co procedemento e cos criterios establecidos no *Manual Docentia* da Universidade de Vigo, durante os cinco cursos académicos do período de avaliación.

*A sinatura desta solicitude supón a aceptación dos procedementos, as actuacións de avaliación e dos recursos previstos no manual de avaliación e na convocatoria.

....., de de

(Sinatura)

7.2 Autoinforme do profesorado de material docente

AUTOINFORME DO PROFESORADO

Guía para o redactar e avaliar

O autoinforme é un documento realizado polo profesorado co fin de complementar os informes institucionais sobre a súa actividade docente e axudar a comisión de avaliación docente a ter unha visión máis global e detallada desta.

Baséase na análise individual feita polo o propio profesorado da súa actividade docente, analizando de forma breve a súa actividade docente e indicando aspectos máis salientables e aclaratorios; posteriormente, analizarase a impartición dunha materia no período de avaliación.

Na análise da materia o/a docente describirá o proceso completo de como se imparte a materia elixida no período avaliado, apoiándose no material docente que achega. Finalmente cada docente autoavaliarase por dimensións e de xeito global. A realización do autoinforme é individual.

DATOS RELATIVOS AO PROFESORADO

Nome e apelidos:

NIF:

DATOS RELATIVOS Á MATERIA ESCOLLIDA

Código:

Materia:

Curso:

Tipo:

Período obxecto de avaliación (máximo un quinquenio): desde o curso ao curso.....

SÍNTESE VALORATIVA DA ACTIVIDADE DOCENTE (indique cun X onde proceda)

	Excelente	Notable	Favorable	Desfavorable
Planificación				
Desenvolvemento				
Resultados				
Valoración global				

Dimensión I. Planificación da docencia (máximo 4 follas)

Documentación na que basearse a reflexión

Informes institucionais, informes de avaliación docente, guías docentes

Material docente da materia escollida

Análise da súa actividade docente

Planificación da súa actividade docente:

